



XUNTA
DE GALICIA



CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS A AZUCAREIRA (PORTAS) 3-FEBREIRO-2018

O Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Atletismo e a Agrupación Deportiva Pontevedra Base, organizan o Campionato Provincial da modalidade CAMPO A TRAVÉS do programa XOGADE. CLASIFICATORIO PARA O CAMPIONATO GALEGO.

NORMATIVA:

PARTICIPANTES

Poderán participar todas as ANPAS, Asociacións e Clubs que se teñan clasificado nos respectivos campionatos zonais da provincia, e os Centros Educativos que tendo acadada clasificación no Campionato Provincial de Centros Educativos (celebrado en Portas o martes 23 de xaneiro de 2018) queiran optar a participar no Campionato Galego do próximo día 17 de febreiro de 2018 na Pobra do Caramiñal. Todos os participantes teñen que cumprir requisitos de mutualización no programa XOGADE e que fagan a súa inscrición nesta proba.

ACREDITACIÓN

Os participantes, ou os seus delegados, deberán portar a identificación dos atletas (carné do programa “Xogade” con foto ou DNI) durante a proba, xa que se lle pode requerir.

Para este campionato están clasificados os 2 mellores equipos de cada fase zonal, así como os 8 primeiros atletas clasificados a nivel individual que non estiveran incluídos nos equipos clasificados. Non participará ningún atleta individual clasificado despois do 8º posto. *Táboa de clasificados no adxunto.*

Nas categorías Benxamín, Alevín e infantil, cada equipo estará formado por un mínimo de 4 e un máximo de 6 atletas.

Na categoría Cadete o mínimo será de 3 e o máximo de 6 atletas.

Non se poderán completar os equipos con atletas de categorías inferiores.

Calquera aspecto non recollido nestas normas rexeráse pola normativa xeral Xogade e o Regulamento federativo.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2010-2009 masculino e feminino.

ALEVÍN: nados nos anos 2008-2007 masculino e feminino.

INFANTIL: nados nos anos 2006-2005 masculino e feminino.

CADETE: nados nos anos 2004-2003 masculino e feminino.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes nesta Campionato Provincial de Campo a Través Escolar rematará o **martes 30 de xaneiro de 2018**, e farase remitindo a folia de inscrición ao enderezo de correo electrónico: xogade@jonalonso.org

Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial.

Unha vez feita a inscrición non se admitirán cambios entre atletas de dous equipos da mesma entidade.



XUNTA
DE GALICIA



DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola organización ate 30 minutos antes do comezo da proba. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados.

Sería conveniente que os dorsais se asegurasen con imperdibles.

LUGAR E DATA

Circuíto A Azucareira (Portas), sábado 3 de febreiro de 2018.

HORARIO

HORARIOS, CIRCUÍTOS E DISTANCIAS DAS PROBAS FIGURAN NO ARQUIVO ADXUNTO

PREMIOS

Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados individuais de cada categoría, e trofeos aos 3 primeiros equipos clasificados de cada unha.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

No caso de precisar Autobús, solicítalo, como data tope o martes 30 de xaneiro de 2018, utilizando o documento do arquivo adxunto.

Non será posible xestionar ningún transporte se a solicitude é posterior á data



indicada.

